



## PODCASTS PARA O CONCURSO RADIO NA BIBLIO 2021.

### DESCRICIÓN DA EXPERIENCIA

O IES Monte Carrasco de Cangas leva 3 anos desenvolvendo un proxecto de radio escolar, coordinado polo EDLG en colaboración co equipo de Biblioteca. O centro conta cunha instalación de altofalantes que permiten emitir as producións propias no interior e no exterior das instalacións, así como substituír o timbre escolar por música e cuñas informativas de todo tipo elaboradas polo alumnado. Algúns contidos tamén son subidos á rede a través da plataforma Ivoox na canle de "[Radio Labirinto](#)". A xestión da radio escolar faise a través dunha comisión dentro do equipo do EDLG, composta por profesorado e alumnado.

Este ano, con motivo da dedicatoria do día das letras galegas a Xela Arias, o noso centro está a programar unha serie de actividades complementarias de xeito especial debido a que a escritora foi parte do noso claustro no ano 2003. Ao tratarse dun centro pequeno, con apenas 190 alumnos de ESO e un equipo docente reducido, a colaboración e cooperación de diferentes departamentos faise indispensable. Por ese motivo, na produción destes tres podcasts colaboraron os seguintes departamentos didácticos: EDLG, Biblioteca, Departamento de Lingua Galega e Literatura, Departamento de Música.

O proceso de elaboración dos podcast comezou co deseño colaborativo de tres escaletas ás que se lle foi engadindo contidos traballados polo alumnado do equipo de Radio Labirinto, empregando os recursos da biblioteca do centro, desde a materia de Lingua Galega e Literatura e desde a materia de música, especialmente nos cursos de 3º e 4º de ESO. As gravacións foron realizadas cun equipamento técnico básico situado na propia biblioteca do centro onde, excepcionalmente, este curso académico tamén está a aula de música. Este mesmo espazo tamén serviu para facer unha entrevista a Luz Beloso, ilustradora que fixo unha presentación do libro "Non te amola". Así mesmo, fixéronse gravacións polo patio do centro empregando unha gravadora de man e tamén organizouse un faladoiro entre o alumnado. Optouse desde o deseño dos podcasts por un formato que combinase pequenas pílulas de tipo informativo, divulgativo ou creativo-literario, conectadas por un locutor/a principal, xunto con músicas de produción propia (compostas desde a aula de música) e outros recursos musicais libres de regalías. Para a mestura final empregouse o programa Audacity aínda que algunhas mesturas previas foron feitas polo alumnado.

## CONTIDOS DOS PODCASTS

Os tres podcasts que presentamos pretenden salientar a importancia da figura de Xela Arias para a literatura galega e para o mundo do libro, a edición e a tradución, como unha poeta precursora e un referente de compromiso coa lingua galega. Aproveitando a circunstancia casual de ter sido profesora no noso centro, quixemos transmitir a responsabilidade ao alumnado de se implicar especialmente, facéndoo sentirse necesario para divulgar a súa figura.

O primeiro podcast, titulado “Xela Arias e Luz Beloso no Monte Carrasco”, conxuga gravacións espontáneas no centro, información biográfica de Xela Arias e unha entrevista, guiadas por unha locutora principal. A entrevista á ilustradora Luz Beloso, que presentou o libro “Non te amola” de Xela Arias na biblioteca ante un grupo de 3º de ESO, feita o 23 de abril, acabou por ser unha homenaxe a todos os libros e unha invitación ao mundo da creación literaria.

O segundo audio, “Xela Arias. Poesía que alimenta”, pretende ser un traballo máis artístico onde se poña en valor a poesía e o pracer da lectura xunto con información acerca da obra da autora e o seu significado. Contén dous poemas recitados e unha achega do profesorado a modo de pílula poética. Tamén música orixinal composta polo alumno Miguel González Santervás.

O terceiro traballo, “Faladoiro arredor de Xela Arias”, tivo como obxectivo fomentar o espírito crítico entre o alumnado de 4º de ESO arredor de temas como o da muller na literatura galega, o mundo do libro e da tradución así como a situación da lingua galega na mocidade. O alumnado seleccionado participou nunha conversa con preparación previa pero tamén certo grao de espontaneidade. A limitación do tempo a 5 minutos impediu que puidese haber debate pero deu para mostrárense ideas contrastadas e complementadas entre os e as participantes.

A continuación, engadimos unha escaleta de cada arquivo presentado.

### Podcast 1: *Xela Arias e Luz Beloso no Monte Carrasco*

1. Entradiña e sintonía orixinal.
2. Presentación.
3. Paso ás reposteiras de patio.
4. Preguntas no patio: Sabes quen é Xela Arias?
5. Información biográfica sobre Xela Arias.
6. Presentación de Luz Beloso.
7. Entrevista.
8. Despedida e remate/conclusión.
9. Sintonía orixinal.

### Podcast 2: *Xela Arias. Poesía que alimenta*

1. Entradiña e sintonía orixinal.
2. Presentación.
3. Versos recitados polo profesorado.
4. Información sobre a obra de Xela Arias.
5. Recitado de poemas con música orixinal.
6. Despedida e remate/conclusión. (loc)
7. Sintonía orixinal.

### Podcast 3: *Faladoiro arredor de Xela Arias*

1. Entradiña e sintonía orixinal.
2. Presentación.
3. Información sobre as letras galegas 2021 destacando a dedicatoria a unha muller.
4. Apertura do faladoiro. Tema de conversa: a muller nas letras galegas.
5. Temas de conversa seguintes: Lingua galega e xuventude, a situación do libro en Galicia e en galego, A tradución ao galego.
6. Despedida e remate/conclusión.
7. Sintonía orixinal.

#### **Autoría da música:**

- Sintonía principal: Miguel González Santervás (4º ESO)
- Acompañamento dos poemas: Miguel González Santervás (4º ESO)
- Outras músicas: [Hooksounds](#)